

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004137	Ramón M ^a Aller Ulloa	Lalín	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC02	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3029	Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	2020/2021	10	296	355

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROBERTO OTERO ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de montar e manter sistemas e periféricos microinformáticos, a súa almacenaxe, a etiquetaxe e o seu rexistro.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- Identificación de compoñentes, ferramentas, soportes e periféricos.
- Montaxe de sistemas e soportes.
- Instalación do software básico.
- Comprobación e mantemento de sistemas e periféricos.
- Almacenaxe e traslado de sistemas e compoñentes.

A formación do módulo relaciónase cos obxectivos xerais a), d), e), f) e i) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais c), f), g), h) i) e j).

Ademais, relaciónase cos obxectivos t), u), v), w), x), y) e z), e coas competencias q), r), s), t), u), v), w) e x), que se incluírán neste módulo profesional de xeito coordinado co resto de módulos profesionais.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar as competencias do módulo han versar sobre:

- Identificación de compoñentes, soportes de información, periféricos e ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento dos sistemas microinformáticos.
- Aplicación de técnicas de montaxe de sistemas, soportes e periféricos.
- Coñecemento de sistemas operativos monoposto e a súa carga no equipamento.
- Coñecemento de ferramentas de software para o test e a optimización de sistemas e soportes.
- Mantemento de periféricos.
- Tratamento e reciclaxe de compoñentes e consumibles.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos básicos de electricidade e electrónica.	Coñecer os principais compoñentes eléctricos e electrónicos dun equipo informático.	40	10
2	Placa base e compoñentes dos sistemas microinformáticos.	Identificar os bloques funcionais e os compoñentes internos dos sistemas microinformáticos e as súas funcións.	45	10
3	Conectores, cables e periféricos.	Identificar os periféricos, os conectores e cables e a súas funcións.	40	10
4	Ensamblaxe de compoñentes hardware.	Ensamblar hardware interno facendo uso das ferramentas adecuadas.	45	20
5	Mantemento, verificación e probas de sistemas.	Utilizar adecuadamente as ferramentas de verificación e probas de equipos informáticos.	40	10
6	Tratamento de residuos informáticos e elementos consumibles.	Coñecer as diferentes técnicas de reciclaxe que existen na actualidade.	40	10
7	Almacenaxe e etiquetado de equipos.	Coñecer técnicas de etiquetado, almacenaxe e transporte de sistemas informáticos.	35	10
8	Implantación de sistemas operativos.	Coñecer que é o software, os seus tipos, licenzas e finalidade.	40	10
9	Iniciativa emprendedora.	Emprender na montaxe e o mantemento de sistemas informáticos.	30	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos básicos de electricidade e electrónica.	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características dos elementos eléctricos e electrónicos utilizados na montaxe de sistemas
CA1.2 Descríbense as operacións e as comprobacións previas á manipulación segura de compoñentes eléctricos e/ou electrónicos
CA1.3 Identifícanse as ferramentas e os dispositivos necesarios na manipulación segura de sistemas electrónicos

4.1.e) Contidos

Contidos
Corrente continua e corrente alterna. Lei de Ohm. Magnitudes eléctricas: intensidade, diferenza de potencial (tensión), resistencia, potencia e enerxía eléctrica. Aparellos de medida de magnitudes eléctricas. Efecto Joule.
Seguridade no uso de ferramentas e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Seguridade eléctrica: medidas de prevención de riscos eléctricos; danos producidos por descarga eléctrica.
Elementos eléctricos e electrónicos básicos: pilas e baterías, premedores, interruptores, fontes de alimentación, resistencias, condensadores, díodos (rectificadores e LED), transistores, etc.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Placa base e compoñentes dos sistemas microinformáticos.	45

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Identifícanse funcionalmente os compoñentes hardware para a ensamblaxe e/ou o mantemento dun equipamento microinformático
CA1.6 Descríbense as características de dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de adestramento multimedia, etc
CA1.8 Localízanse os bloques funcionais en placas base utilizadas nos sistemas microinformáticos

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>OZócolos e baías de expansión.</p> <p>Tipos e elementos de fixación dos compoñentes ás carcasas.</p> <p>Unidades funcionais dun sistema microinformático.</p> <p>Compoñentes dos sistemas microinformáticos: carcasas, fontes de alimentación, ventiladores e disipadores de calor, placas base, microprocesadores, memoria RAM e tarxetas de expansión.</p> <p>Dispositivos de almacenamento: discos duros e lectores/gravadores ópticos e magnetoópticos. Características e tipos.</p> <p>Dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de entretemento multimedia, etc.</p> <p>Buses e conectores de datos.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Conectores, cables e periféricos.	40

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Descríbense as características técnicas de cada compoñente de hardware (interno e externo) utilizado na montaxe e/ou no mantemento dun equipamento microinformático
CA1.9 Identifícanse os tipos de portos, baías internas, zócolos e cables de conexión (de datos, eléctricos, etc.) existentes nun equipamento microinformático
CA1.10 Recoñécense e describíronse as características técnicas de dispositivos periféricos dun equipamento microinformático
CA2.2 Interpretáronse as guías de instrucións referentes aos procedementos de integración ou ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware dun sistema microinformático

4.3.e) Contidos

Contidos
Portos: paralelo, serie, USB, firewire (IEEE 1394), etc. Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras. Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.
Cableamento e conectores de alimentación.
Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras.
Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Ensamblaxe de compoñentes hardware.	45

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Seleccionáronse as ferramentas necesarias para o procedemento de montaxe, substitución e/ou conexión de compoñentes hardware dun sistema microinformático
CA1.11 Descríbironse ordenadamente as instrucións para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos
CA2.1 Comprobouse cada compoñente antes da súa utilización, seguindo as normas de seguridade establecidas
CA2.3 Montáronse placas base e fontes de alimentación en distintos tipos de carcasas
CA2.4 Ensambláronse os compoñentes de hardware internos (memoria, procesador, tarxeta de vídeo, pila, etc.) á placa base do sistema microinformático
CA2.5 Fixouse cada dispositivo ou tarxeta de expansión na rañura ou slot correspondente, segundo guías detalladas de instalación
CA2.6 Conectáronse adecuadamente os compoñentes de hardware internos (como discos duros, dispositivos ópticos, etc.) que necesiten cables de conexión, para a súa integración no sistema microinformático

4.4.e) Contidos

Contidos
Ferramentas utilizadas nos procedementos de montaxe de sistemas e periféricos microinformáticos.
Procedementos de ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware de sistemas microinformáticos.
Técnicas de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos.
Guías de instrucións de compoñentes de sistemas microinformáticos.
Seguridade nas operacións de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Mantemento, verificación e probas de sistemas.	40

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a funcionalidade dos elementos do sistema, os soportes e os periféricos instalados, utilizando procedementos de test axeitados	SI
RA5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Aplícanse a cada compoñente de hardware e a cada periférico os procedementos de comprobación adecuados
CA4.2 Verifícase que o equipamento microinformático realice o procedemento de acendemento e de POST ("power on self test") e, de ser o caso, identifícase a orixe dos problemas
CA4.3 Comprobase a funcionalidade dos soportes para almacenamento de información
CA4.4 Utilízanse as ferramentas e as guías de uso para comprobar o estado e a funcionalidade dos soportes de almacenamento e da información contida nestes
CA4.5 Verifícase a funcionalidade na conexión entre compoñentes do equipamento microinformático e cos periféricos
CA4.6 Utilízanse ferramentas de configuración, control e comprobación de verificación do correcto funcionamento do sistema
CA4.7 Rexístranse os resultados e as incidencias producidas nos procesos de comprobación da funcionalidade dos sistemas microinformáticos
CA5.1 Comprobase por medio de indicadores luminosos que os periféricos conectados ao sistema teñan alimentación eléctrica e que as conexións de datos estean ben realizadas
CA5.4 Descríbense as características dos compoñentes, dos soportes e dos periféricos para coñecer os aspectos que afecten o seu mantemento
CA5.5 Utilízanse as guías de fábrica para identificar os procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos
CA5.6 Realízase a limpeza de compoñentes, soportes e periféricos respectando as disposicións técnicas establecidas por fábrica e mantendo a súa funcionalidade

4.5.e) Contidos

Contidos
Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos.
Software de test e verificación.
Ferramentas de verificación e diagnóstico de sistemas microinformáticos.
Procedementos de POST ("power-on self test").
Verificación da funcionalidade dos soportes de almacenamento e da integridade da información contida neles.
Verificación da conexión de dispositivos periféricos no sistema microinformático.
Informes de resultados e incidencias producidas nos procesos de comprobación de sistemas microinformáticos.
Comprobación da correcta conexión de periféricos ao sistema.

Contidos

Técnicas auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos: mantemento preventivo e periódico.

Procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Tratamento de residuos informáticos e elementos consumibles.	40

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir	NO
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.2 Descríbense os elementos consumibles necesarios para seren utilizados nos periféricos de sistemas microinformáticos
CA5.3 Utilizáronse as guías técnicas detalladas para substituír elementos consumibles
CA5.7 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo segundo as normas recomendables para a súa eliminación ou a súa reciclaxe
CA7.8 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo para a súa eliminación ou reciclaxe

4.6.e) Contidos

Contidos
Medidas de conservación e reciclaxe de elementos consumibles.
Procedementos de substitución de elementos consumibles.
Seguridade na manipulación e na substitución de elementos consumibles.
Tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Almacenaxe e etiquetado de equipos.	35

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Descríbense as condicións para manipular, transportar e almacenar compoñentes e periféricos dun sistema microinformático
CA7.2 Identifícanse os tipos de embalaxe para o transporte e/ou a almacenaxe de cada dispositivo, periférico e consumible
CA7.3 Utilizáronse as ferramentas necesarias para realizar as tarefas de etiquetaxe previas á embalaxe e/ou o almacenamento de sistemas, periféricos e consumibles
CA7.4 Utilizáronse os medios auxiliares adecuados para os elementos que se vaian transportar
CA7.5 Aplicáronse as normas de seguridade na manipulación e no transporte de elementos e equipamentos
CA7.6 Comprobouse que os compoñentes recibidos se correspondan co albará de entrega e que estean en bo estado
CA7.7 Rexistráronse as operacións realizadas seguindo os formatos establecidos

4.7.e) Contidos

Contidos
Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos.
Procedementos e ferramentas de etiquetaxe.
Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático.
Precaucións para considerar no traslado de sistemas microinformáticos.
Normativa de prevención de riscos laborais no transporte e na almacenaxe de produtos.
Albarás de transporte.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Implantación de sistemas operativos.	40

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala sistemas operativos libres e propietarios identificando as fases do proceso en relación coa funcionalidade da instalación	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os pasos para a instalación e a actualización de sistemas operativos
CA3.2 Instaláronse e configuráronse sistemas operativos segundo as instrucións recibidas
CA3.3 Instaláronse actualizacións e parches do sistema operativo segundo as instrucións recibidas
CA3.4 Instaláronse e configuráronse aplicacións de software en sistemas operativos
CA3.5 Verifícanse e reparáronse posibles erros do proceso de carga do sistema operativo
CA3.6 Utilizáronse as ferramentas de control de estruturas de directorios e de xestión de permisos
CA3.7 Anotáronse os posibles fallos producidos na fase de arranque do equipamento microinformático
CA3.8 Realizáronse copias de seguridade dos datos
CA3.9 Descríbense as funcións de replicación (clonación) de discos e particións en sistemas microinformáticos
CA3.10 Utilizáronse ferramentas de software para a creación e a restauración de imaxes de discos ou particións
CA3.11 Verificouse a funcionalidade da imaxe restaurada

4.8.e) Contidos

Contidos
Software básico dun sistema informático.
0Ferramentas de creación e implantación de imaxes e réplicas de sistemas: orixes de información; procedementos de implantación e de verificación de imaxes e réplicas de sistemas.
Funcións do sistema operativo.
Utilización do sistema operativo.
Sistemas operativos actuais libres e propietarios.
Proceso de arranque de equipamentos microinformáticos.
Operacións con sistemas de ficheiros, directorios e permisos.
Instalación e actualización de sistemas operativos libres e propietarios.
Instalación e configuración de aplicacións software en sistemas operativos libres e propietarios.

Contidos

Copias de seguridade de datos.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Iniciativa emprendedora.	30

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Caracterízouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos

4.9.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os aspectos citados como contidos mínimos servirán como base para:

- Configurar a proba de avaliación para os alumnos que non superen as tres avaliacións.
- Planificar as actividades de recuperación do módulo para os alumnos que non superen a avaliación final ordinaria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

En cada unha das tres sesións de avaliación do módulo, emitirase unha nota (con cifras de 1 a 10, sen decimais) segundo os criterios de avaliación expresados en cada unidade didáctica e utilizando os instrumentos e o sistema de avaliación que se citan de seguido.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Proba escrita ou exame: Cada proba puntuarase de 0 a 10. Para calcular a nota neste apartado usarase a media ponderada de todas as probas. Realizaranse as probas que se estime oportunas pero, como mínimo, haberá unha proba escrita en cada trimestre ou avaliación.
- Traballo e/ou exercicios: O profesor proporá traballos e/ou exercicios a realizar e entregar nas condicións e prazos fixados. Os traballos serán valorados polo profesor como APTO/NON APTO ou cunha nota numérica entre 0 e 10 ou entre 0 e 1.

AVALIACIÓN CONTINUA

Para superar o módulo mediante a avaliación continua é preciso:

- Entregar traballos ou exercicios propostos polo profesor na aula virtual e terán unha calificación xa mencionada anteriormente. Suporá un 30% da nota.
- Realizar exames teóricos e/ou prácticos. Suporá un 70% da nota.
- Para a superación da avaliación a nota resultante deberá ser sempre superior a 5 sobre 10.

AVALIACIÓN ORDINARIA

Para cada avaliación parcial non superada realizarase unha recuperación no mes de xuño. O alumno deberá superar unha ou varias probas (exames teóricos e/ou prácticos) para elo deberá obter unha nota media de 5 puntos sobre 10 entre todas elas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunhas das unidades didácticas deseñaranse exercicios similares aos realizados durante o curso, que tamén serán avaliados da mesma forma. Estes exercicios serán realizados de forma autónoma polo alumnado, sendo titorizados e orientados polo profesor encargado do módulo.

No caso de que na avaliación extraordinaria non se supere o módulo, para cada alumno será deseñado un plan individualizado de recuperación

con exercicios similares aos realizados durante o curso, que deberán ser realizados polos alumnos de forma autónoma ao longo do curso seguinte.

O modo de avaliación será similar ao realizado durante o curso. A realización destes exercicios será obrigatoria. No caso de que non fosen realizados, deberán realizar unha proba final ao final do período de recuperación, na que poderá haber exercicios de calquera das unidades didácticas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A ORDE do 13 de xullo de 2015, no artigo 20, punto 5 indica: "5. A perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo, regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria."

En caso contrario, cando o alumnado supere a idade de escolarización obrigatoria, perderá o dereito á avaliación continua se acontece a seguinte situación:

- O número de faltas de asistencia non xustificadas supera o 10% do número total de horas do módulo.

Neste caso non terá dereito de avaliarse canda os seus compañeiros nas probas establecidas ó remate de cada trimestre e deberá presentarse no mes de xuño á proba, ou conxunto de probas, que o profesor determine necesarias para a superación do módulo. Para acadar unha avaliación positiva o alumno deberá obter unha nota media de 5 entre todas as probas.

Estas probas, de natureza teórico-práctica, versarán sobre os contidos tratados nas correspondentes unidades didácticas, e a súa avaliación realizarase empregando os mesmos procedementos e criterios especificados nesta programación, para os alumnos que se avalíen de xeito ordinario.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

- O profesor do módulo comunicará os mínimos esixibles ao alumnado na sesión de presentación do mesmo; asemade, indicará os criterios de avaliación que se aplicarán e o seu medio de cualificación.

- Unha vez ao mes, nas reunións do departamento de Informática, farase o seguimento da programación, pódose en común as incidencias acontecidas para favorecer a coordinación dos membros do departamento, e evitar duplicidades á hora de impartir as clases, favorecendo os procesos de ensino-aprendizaxe e reflectindo o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións na acta correspondente.

- Ao final do curso o profesorado completará un formulario por cada grupo de alumnos aos que impartiu docencia no que se recollerán os seguintes aspectos:

* Os contidos traballados e, no seu caso, os motivos polos que algúns deles non se completaron.

* Os obxectivos acadados.

* A porcentaxe de alumnos que supera o módulo.

* As actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.

* Os acordos tomados.

- Toda esa información, xunto coas incidencias, cambios e propostas de cambio, serán recollidos na memoria do departamento de Informática que servirá de base para a elaboración da programación do seguinte curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O profesorado encargado de impartir a docencia deste módulo, deseñará unha actividade que realizará o alumnado na primeira semana de clase despois do inicio do curso para recoller os coñecementos iniciais do alumnado. Os resultados axudarán a ter unha idea do nivel do alumnado, e axudarán a deseñar as estratexias durante o curso, para a elaboración de tarefas. As valoracións que se realicen deberán ter un carácter cualitativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo teñen como obxectivo intentar axudar a superar algunha unidade didáctica a aqueles alumnos que non acadaron os obxectivos mínimos esixibles.

As medidas de reforzo da parte procedimental da unidade didáctica consistirán na resolución de supostos cunha metodoloxía distinta e máis detallada.

Estes supostos serán resoltos polo alumno/a sempre coa axuda da profesora.

As medidas de reforzo da parte conceptual da unidade didáctica consistirán no repaso dos conceptos por parte do alumno/a e coa axuda da profesora.

As medidas de reforzo da parte actitudinal da unidade didáctica consistirán na proposta de cambio por parte do alumno/a e a supervisión da profesora.

Deberase potenciar a dinámica de traballo en equipo na busca da eficiencia, tendo en conta os valores de tolerancia e solidariedade.

Ademáis tratarase de describir e expoñer exemplos teórico-prácticos que amosen e faciliten a capacidade asociativa dentro dun coñecemento integrador.

Para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, deseñaranse tarefas de apoio ou reforzo, cuxo obxectivo é apuntalar aquelas eivas detectadas que serán comentadas nas reunións mensuais do departamento de Informática.

Será nesas reunións, onde se propoña o deseño deste tipo de exercicios de apoio ou reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Faranse respectar as normas de convivencia na aula, nos recreos e nas gardas e insistirase na importancia do seu cumprimento por todos os membros da comunidade educativa. Educarase nos seguintes valores:

Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, etnia, nacionalidade, ideoloxía ou lingua e rexeitarase calquera tipo de discriminación.

Respecto e cumprimento das normas de convivencia do Centro e coidado no uso das dependencias e materiais.

Solidariedade entre todos os membros da comunidade educativa.

Colaboración.
Responsabilidade.
Non violencia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia á presentación dos traballos desenvolvidos en grupos ou de maneira individual polo resto dos compañeiros da clase.

Os alumnos/as poderán participar nas visitas a feiras, charlas, talleres ou empresas, organizados polos profesores/as do departamento de Informática.

10. Outros apartados

10.1) COVID-19

Debido á pandemia COVID-19, pódese dar o caso de que as clases presenciais teñan que ser suspendidas, e substituídos por actividades telemáticas. Toda a parte teórica así como as actividades a levar a cabo, están accesibles na aula virtual do módulo.

Así mesmo, a aula virtual, proporciona ao alumnado canles de comunicación co profesor e entre eles, para a formulación de calquera suxerencia, dúbida, ... Disponse de mensaxería en foros para cada un dos temas e a nivel xeral. De ser necesario algún outra canle, como por exemplo videoconferencia, activaríase no momento preciso.